

TÓPICO DA ABAU: DA “RAZÓN VITAL” (ORTEGA Y GASSET) Á “RAZÓN POÉTICA” (MARÍA ZAMBRANO)

I.- JOSÉ ORTEGA Y GASSET: 1ª PARTE DO TÓPICO: DA “RAZÓN VITAL”

1.- VIDA

Nado en Madrid en 1883. Cursou estudos de Dereito e Filosofía nas universidades de Deusto e Madrid.

En 1905 marchou a Alemaña e estudou nas universidades de Leipzig, Berlín e Marburgo. Nesta última foi discípulo de Hermann Cohen, un dos principais representantes da escola neokantiana.

En 1910 gañou a Cátedra de Metafísica na universidade de Madrid, que desempeñou ata 1936. Estivo vinculado á “Institución Libre de Enseñanza” e adoptou unha actitude crítica fronte á España tradicional da “Restauración”, impulsando a República. Foi elixido deputado para a Asamblea Constituínte, pero axiña o defraudou o rumbo demagóxico e extremista do novo réxime e separouse da política.

Ao comezo da Guerra Civil española exiliouse e viviu en Francia, Holanda, Arxentina, Portugal e Alemaña con estancias en España dende 1945.

En 1948 fundou en Madrid o Instituto de Humanidades, no que profesou cursos e participou en coloquios sobre diversos temas.
Morreu en Madrid en 1955.

2.- OBRAS

O pensamento de Ortega adoita dividirse en tres etapas:

2.1.- ETAPA OBXECTIVISTA (1902-1914): influído polo neokantismo alemá e pola fenomenoloxía de Husserl, chega a afirmar a primacía das cousas sobre as persoas. Non hai obras salientables.

2.2.-ETAPA PERSPECTIVISTA (1914-1923): iníciase con *Meditacións do Quixote*. Nesta época, Ortega describe a situación española en *España invertebrada* (1921).

A) *Meditacións do Quixote 1914*: Obra onde escribe a frase mais representativa da súa filosofía: “**Eu son eu e a mina circunstancia, e se non a salvo a ela non me salvo eu**”.

B) “*España invertebrada*” 1921 Nesta obra parte da tese de que “a acción recíproca entre masa e minoría selecta.....é o feito básico de toda sociedade e o axente da súa evolución”, e deduce a afirmación de que o gran problema de España é a “carencia de minorías egraxias e o imperio imperturbado das masas”. O remedio para esta situación sería recoñecer que “a misión das masas non é outra que seguir aos mellores” (defensa da Aristocracia de Platón), anque tamén se require que os mellores sexan virtuosos, que despreguen un “apetito de todas as virtudes”.

2.3.- ETAPA RACIO-VITALISTA (1924-1955): con ela considérase que Ortega entra na súa etapa de madurez, con obras como *O tema do noso tempo*, *Historia como sis-*

tema, *Ideas e crenzas* ou *A rebelión das masas*.

A) ***O TEMA DO NOSO TEMPO 1923*** Obra na que expón as coordenadas da súa filosofía: O racio-vitalismo (**TEXTO DE SELECTIVIDADE!!**)

B) ***"Rebelión das masas" 1929***: nesta obra Ortega prognostica unha crise similar a española para toda todas as sociedades occidentais. Ortega entende por "rebelión das masas" o crecente aumento do poder do "home-masa". O "home-masa" tería as seguintes características: a "libre expansión dos seus desexos vitais", a "radical ingratitudade cara todo aquilo que fixo posible a facilidade da súa existencia", o xulgarse perfecto, a acción directa; en poucas palabras, as características do "señorito satisfeito".

C) ***Que é filosofía 1928-29 curso publicado postumamente 1957***

D) ***O espectador 1916-1934***

E) ***Historia como sistema 1935***

F) ***O home e a xente 1949-50***

3.- O SEU CONCEPTO DA FILOSOFÍA

Unha **filosofía verdadeiramente auténtica debe ser** esencialmente **persoal** e, a vez, **histórica**: cada un de nós debe facer persoalmente a súa filosofía desarticulando peza por peza toda a filosofía anterior e recompoñéndoa despois segundo a propia iniciativa. Deste xeito todas as filosofía pasadas serán coma un movemento progresivo cara a nosa propia filosofía (tamén Hegel inflúe nesta idea)

1ª Característica do filosofar: O "**imperativo de autonomía**" mediante o cal o filósofo non debe dar por suposta ningunha verdade, senón que debe ser el mesmo quen trate de atopar a verdade de todo, pero tendo en conta a historia da filosofía.

2ª Característica do filosofar: "**principio de pantonomía (do grego "panto": todo e "nomos": norma, lei)**", posto que o filosofar é o afán de coñecelo todo, de captar toda a realidade, é "universalismo" ou afán de totalidade.

4.- ONTOLOXÍA: CRÍTICA DE ORTEGA A TODA FILOSOFÍA ANTERIOR

Na obra "*O tema do nosos tempo*" (texto de selectividade), Ortega critica toda filosofía anterior a el e defende o racio-vitalismo

Segundo el, toda a filosofía anterior ao século XX divídese en dúas etapas:

A) **A filosofía realista**: abarca dende os gregos ata o século XVII: dende Sócrates ata Descartes. **O realismo considera que o mundo, as cousas, existen independentemente do eu ou suxeito que as coñece.**

B) **A filosofía idealista (xiro subxectivista)**: Comeza no século XVII e chega ata o XIX: Comeza con Descartes (xiro subxectivista) pasando por Kant e Hegel e chega ata Nietzsche. **Para o idealismo a realidade radical, o único certo e indubidable, é a existencia do eu (suxeito) e as cousas ou o mundo non teñen unha existencia "en si" independentemente do meu pensamento que as coñece.**

Pero, para Ortega, tanto **realismo como idealismo** puxeron o **énfase na razón**.

Os realistas comezan con **Sócrates** que inaugura as definicións universais da razón, seguindo con **Platón** que chama a estas definicións da razón teoría das ideas (racionalismo: ideas innatas), continuando con **Aristóteles** (que anque nega as ideas innatas e o coñecemento comeza coa experiencia: empirismo, sin embargo tamén cre que a razón e a responsable da ciencia) e así tamén durante a Idade Media: Agostiño de Hipona (racionalista coma Platón) e Tomé de Aquino (empirista coma Aristóteles).

E os idealistas comezan con **Descartes** (que parte das “ideas” do suxeito para explicar o coñecemento e mantén gnoseoloxía racionalista, continúa con **Kant**, que sintetiza racionalismo e empirismo pero mantén a primacía da razón, este idealismo culmina co “idealismo absoluto” de **Hegel**, que cre que a historia avanza en forma de tese-antítese-síntese e defende unha “razón absoluta”.

Toda esta filosofía anterior é criticada por Ortega: **tanto os realistas como os idealistas equivócanse ao darlle primacía á razón**, por moito que empecemos polo obxecto para explicar o suxeito ou tralo xiro subxectivista fagamos ao revés: comezar polo suxeito para explicar o obxecto. Todos eles concederon toda a importancia aos conceptos da “razón”.

C) A FILOSOFÍA RACIO- VITALISTA

No século XIX con **Nietzsche** comeza a filosofía “**vitalista**” e “**irracionalista**”: o máis importante do ser humano non é a razón, senón a “vida”: non os conceptos estáticos da razón, senón o “todo flúe” de **Heráclito**: os instintos vitais, a poesía e a creatividade é o que define ao ser humano e non os conceptos estáticos da razón. Nietzsche criticou radicalmente toda filosofía anterior denominándoa “**platonismo**”, por inventar un mundo das ideas separado da vida que é coma o fluír de Heráclito (mundo sensible de Platón). Así que **para Nietzsche a razón é unha “mentira milenaria”**, un mundo das ideas que non existe, polo tanto é radicalmente irracionalista e defende os instintos que gobernan a nosa vida.

Ortega tamén defende o vitalismo, pero fronte a Nietzsche, cre que tamén a razón xoga un papel no ser humano anque estea subordinada á vida. Por iso a súa filosofía se denomina **racio-vitalismo**. O que define ao ser humano é a vida, isto é o primordial e fundamental, así que a razón deixa de ser o fundamental e ten que subordinarse á vida pero sin eliminala. A razón sería coma unha táboa flotando no océano da vida: está aí pero non é o máis importante do ser humano. Por tanto, **Ortega, sendo vitalista, non é irracionalista coma Nietzsche**.

5.- CARACTERÍSTICAS DO RACIO-VITALISMO DE ORTEGA

A frase máis coñecida do racio-vitalismo de Ortega é:

“Eu son eu e a miña circunstancia”

A CIRCUNSTANCIA: Por “**circunstancia**” entende **todo o que non son eu**, é dicir, **os demais homes**, os usos ou **costumes sociais**, as **crenzas**, as **opinións**, as **cousas** que aparecen ao meu redor (**o mundo**) e incluso o meu corpo. O conxunto de todas estas cousas é o “**meu mundo**”, a “**miña circunstancia**”, e esta é inseparable do meu eu, porque a miña vida faise coa circunstancia. Noutras palabras, **a vida é atoparse o eu do home mergullado no que non é el. A vida, que é a realidade radical**, é a relación inseparable entre o eu e a circunstancia. Para Nietzsche, en cambio, a vida era un impulso cego, cósmico, que ten que ver cos impulsos humanos e non é algo

psicológico.

A vida como radical realidade ten as seguintes características:

- a) **ACTUALIDADE:** a vida é pura e absoluta actualidade: "Sendo, pois, a vida na súa substancia mesma circunstancial, é evidente que, anque creamos o contrario, todo o que facemos facémolo en vista das circunstancias".
- b) **QUEFACER:** A vida non é unha cousa feita, senón un puro quefacer, é dicir, un puro xerundio e non un participio, unha pura tarefa (influencia do existencialismo).
- c) **HISTÓRICA, CAMBIANTE:** "A vida humana non é, por tanto, unha entidade que cambia accidentalmente, senón ao revés, nela a substancia é precisamente cambio, o cal quere dicir que non pode pensarse eleáticamente (coma Parménides) como substancia, senón como cambio (todo flúe de Heráclito e Nietzsche)
- d) **PROBLEMA, PERIGO, ANGUSTIA, NAUFRAXIO, DRAMA:** "A vida é constitutivamente un drama, porque é a loita frenética coas cousas e aínda co noso carácter por conseguir ser de feito o que somos en proxecto" (imperativo pindárico de Goethe: chega a ser o que es). "O seu modo de ser (o da vida) é formalmente ser difícil, un ser que consiste en problemática tarefa". (Influencia do existencialismo de Sartre e Heidegger)
- e) **FIN EN SÍ MESMA:** A vida vívese co fin de vivirse, non con outro fin. Vívese "para" vivir, non para outra cousa. Isto quere dicir que, para Ortega, non existe un "fin último que transcenda a vida humana" (Deus, o máis alá: non comulga co catolicismo do franquismo, senón que é agnóstico coma Kant). Como a vida ten o fin en si mesma, é inútil e absurdo buscarlle un fin fóra de si, especialmente un fin último, que é unha mera abstracción: "Kant disciplinounos, e xa non caemos na ruda metafísica das "causas finais" (filosofía aristotélico-tomista). Esa realidade definitiva é ...unha idea. (coma o agnosticismo que defende Kant na *Disciplina da Razón pura*).
- f) **COMPONSE DE DOUS ELEMENTOS INSEPARABLES:**
CIRCUNSTANCIA E DECISIÓN: A **circunstancia** é aquilo na nosa vida que nos é "dado ou imposto", puro problema. A **decisión** é "libre", e o esforzo ou intento de resolver dito problema: elixir, consiste en determinar libremente (influencia do existencialismo Sartre) o que imos a ser neste mundo e en cada momento. Vivir é intentar realizar o programa vital que cada cal é, fronte as circunstancias que mo impiden ou mo facilitan.
- g) **COEXISTENCIA E CONVIVENCIA:** A realidade concreta é a do **individuo en "comunidade vital" con todos os demais individuos**. O individuo entendido xenericamente (como esencia ou natureza) e non concretamente, é para Ortega unha pura abstracción (a mesma crítica que Marx fixo nas "Teses sobre Feuerbach"): defende que somos sociais (zoom politikón de Aristóteles)

6.- TEORÍA DO COÑECEMENTO: PERSPECTIVISMO

A **teoría do coñecemento** de Ortega denomínase "**perspectivismo**" e afirma que o coñecemento que o eu ten das cousas está condicionado polo "punto de vista" ou "**perspectiva**" que adopte (1905 Einstein Relatividade, o mesmo ano dos seus estudos en Alemaña). Polo tanto non existe esa suposta realidade inmutable e única. "**Hai tantas realidades como puntos de vista**".

7.- ANTROPOLOXÍA: O SER HUMANO

O PROXECTO VITAL: Como a vida non está feita, senón que hai que facela, **o home ten que determinar previamente o que vai ser**. Por iso **o home é un programa vital**, un proxecto ou esquema que pretende realizar e que tivo que inventar en vista das circunstancias. O home atopa **ante si un repertorio de posibilidades e só pode vivir elixindo entre elas (Sartre)**. Esas posibilidades aparecen como tales ao intentar proxectar eu o meu programa vital sobre as puras facilidades ou dificultades que compoñen a miña circunstancia.

8.- ÉTICA OU MORAL

O **imperativo categórico** de Kant é un imperativo intelectual que **debe ceder o paso ao imperativo vital**, que é o imperativo que goberna o **propio destino de cada quen**. A vida é por si mesma ética. Así, por exemplo, **o home cuxo destino sexa ser ladrón, ten que selo**, anque as súas ideas se opoñan a elo. O home que tiña que ser ladrón e que por virtuoso esforzo da súa vontade consegue non selo, falsifica a súa vida.

Cando a vida se fai dende o propio eu, cando **o home é fiel a esa voz que o chama a ser o que ten que ser**, unha cousa determinada, e que por iso recibe o nome de vocación, é **vida auténtica**. Cando o home se abandona ao tópico recibido, cando é infiel a súa vocación orixinal, **falsea a súa vida e convértea en inauténtica** (influencia de Heidegger, *Ser e tempo*). **A moralidade consiste en que cada home siga o seu destino e se realice nel:**

"Volvamos as costas ás éticas máxicas e fiquemos coa única aceptable, que fai 26 séculos resumiu **Píndaro** no seu ilustre imperativo: **“Chega a ser o que es”**”.

9.- POLÍTICA: ORTEGA E O EXILIO ESPAÑOL

Primeiro estivo en **contra da ditadura de Primo de Rivera (1929)** e foi **defensor da II República** sendo co-fundador, xunto con Unamuno, Marañón e outros, da **“Agrupación ao Servicio da República” (1930)**, pero despois en 1931 publicou un **polémico manifesto titulado “Rectificación da República”** e abandonou a política activa como deputado nas Cortes: sentiuse **defraudado da política republicana** de xeito similar ao de Unamuno es escribiu un artigo titulado **“Isto non é” criticando** o desorde na política republicana. Sin embargo, a pesares da súa desconfianza cos gobernos republicanos, **mostrouse contrario á sublevación franquista**, razón pola que se **exiliou en 1936**: Alemaña, Francia, Italia, Arxentina, Portugal, etc.

Ortega regresou do exilio temperanmente en **1946** (en comparación con outros, como **María Zambrano**, a súa discípula, que só o fará en plena transición española, e para morrer aquí). Pero neste momento, **en pleno réxime franquista, tampouco foi contundente na súa crítica ao réxime e conviviu con el**. O regreso de Ortega en **1946 supuxo incluso unha certa propaganda para o réxime franquista**. Algúns incluso viron unha certa influencia de Ortega sobre o **pensamento falanxista de Primo de Rivera**. Pero, por outra banda, o **agnosticismo relixioso de Ortega** sempre foi visto polo réxime como **perigo para a destrución da “unidade da patria”**. Pese a todo, hai unhas **palabras significativas do fundador da Falanxe Primo de Rivera sobre Ortega**:

“A don Xosé Ortega y Gasset pódesele ofrecer o regalo dun vaticinio: antes de que se extinga a súa vida, que todos desexamos longa, e que por ser súa e longa ten que

*ser fecunda, chegará un día no que ao paso triunfal desta xeración, da que foi lonxano mestre, teña que exclamar compracido: **Isto si é***” (Xosé Antonio Primo de Rivera). Este “**Isto si é**” recorda expresamente o artigo de Ortega cando, en plena desorde republicana escribiu un artigo titulado “**Isto non é**”

Recentemente **chegado do exilio**, Ortega anunciou unha **conferencia no Ateneo** de Madrid, o día 4 de abril de 1946. O réxime franquista agardaba que Ortega se posicionase ao seu favor o que significaría unha lexitimación moral do franquismo. **Ortega deixou de lado o seu “irritante agnosticismo”, pero tampouco dixo “Isto si é”**. Tratouse dunha **conferencia ambigua**.

En resumo: Foi un **defensor das “elites” como dirixentes da política (ao estilo da Aristocracia de Platón)**, idea que gustaba aos franquistas, **pero o “elitismo” de Ortega non ten cabida nun estado totalitario**, unitario, exclusivista e tiránico como o franquista: **para Ortega a división dos tres poderes é esencial** a calquera Estado; o **Parlamento, para el, debe ser democrático e liberal**, e iso nada ten que ver co franquismo. Tamén criticou o franquismo e tivo que **exiliarse**, pero volveu en pleno réxime franquista e **tampouco foi contundente na súa crítica ao réxime e convivió con el. Foi agnóstico** (coma Kant) e isto sempre molestou ao franquismo católico.

Así que a súa **postura política foi en principio republicana e partidario da democracia, laico** (e non católico), **pero tamén foi ambiguo co franquismo e partidario de que sexan as elites dirixan a política e non as masas**.

11.- INFLUENCIAS POSTERIORES E VALORACIÓN

A) **INFLUENCIAS**: Anque Ortega non formou unha escola filosófica propiamente, hai un conxunto de filósofos que reciben o nome de “**Escola de Madrid**” que se inspiran nel con diverso grado de fidelidade:

1. García Morente: valor, progreso, Deus.
2. José Gaos: o tempo e a man.
3. Joaquín Xirau I Palau: metafísica do amor.
- 4.- **María Zambrano: a razón poética.**
5. Ferrater Mora: o integracionismo.
6. Zubiri: realismo radical.
7. Tierno Galvan: marxismo e agnosticismo.
8. López Aranguren: a estrutura moral do home.
9. Juan David García Bacca: lóxica, ciencia e metafísica
10. Julián Marías: a vida humana como realidade radical.

TEXTO ABAU DE ORTEGA

ORTEGA Y GASSET Ortega y Gasset (texto 1) O tema do noso tempo

Hoxe vemos claramente que, aínda que fecundo, foi un erro o de Sócrates e os séculos posteriores. A razón pura non pode suplantar á vida: a cultura do intelecto abstracto non é,

fronte á espontánea, outra vida que se baste a si mesma e poida desaloxar aquela. É tan só unha breve illa que flota sobre o mar da vitalidade primaria. Lonxe de poder substituír a esta, ten de apoiarse nela, nutrirse dela como cada un dos membros vive do organismo enteiro. É este o estadio da evolución europea que coincide coa nosa xeración. Os termos do problema, logo de percorrer un longo ciclo, aparecen colocados nunha posición estritamente inversa da que presentaron diante do espírito de Sócrates. O noso tempo ten feito un descubrimento oposto ó seu: el sorprende a liña na que comeza o poder da razón; a nós se nos ten feito ver, pola contra, a liña na que remata. A nosa misión é, pois, contraria á súa. A través da racionalidade temos voltado a descubrir a espontaneidade. (...). O tema do noso tempo consiste en someter a razón á vitalidade, localizala dentro do biolóxico, supeditala ó espontáneo. De aquí a poucos anos parecerá absurdo que se lle teña esixido á vida poñerse ó servizo da cultura. A misión do tempo novo é precisamente converter a relación e amosar que son a cultura, a razón, a arte, a ética as que teñen de servir á vida. ORTEGA Y GASSET: O tema do noso tempo

2ª PARTE DO TÓPICO: Á “RAZÓN POÉTICA” (MARÍA ZAMBRANO)

I.- VIDA

Naceu en Velez-Málaga o 22 de abril de 1904.

Os seus pais eran mestres e **trasládronse a Segovia** en 1909 (aos seus 5 anos ata os 23), onde María realizou os seus primeiros estudos. Nestes anos conflúen en Segovia **dúas correntes culturais**: a “Xeración do 98” e a “Institución Libre de Ensinanza”, sendo as dúas figuras que lideran a vida cultural da cidade o **seu pai Blas Zambrano e Antonio Machado**. Este ambiente cultural posibilitou a celebración das **famosas tertulias**, a edición de varias **revistas *Castilla, La tierra de Segovia*** e propiciou a **aparición da universidade popular de Segovia**.

En 1923 trasládase a **Madrid** onde continua os seus **estudos de filosofía** que iniciara a distancia. Alí recibe **clases de Ortega y Gasset, García Morente ou Zubiri**, **colabora con diferentes periódicos e revistas** e achégase a **movementos estudantís** que acollen a proclamación da **Segunda Republica**.

Coa Guerra Civil Española (1936-39) exíliase en Francia. Dende alí marcha a **América**: primeiro **México**, logo a **Cuba e Porto Rico**, residindo en diferentes lugares sen un traballo fixo que lle aportara estabilidade e arraigo.

Logo **trasládase a Roma**, onde vivirá coa **sua irma Araceli** durante varios anos.

Mais tarde **marcha a Francia (bosque de La Piece no Jura francés, vivindo afastada da sociedade en plena natureza**.

En decembro de **1984 regresa a España** xa moi debilitada. Concedéuselle numerosos **premios e recoñecementos** coma o “**Príncipe de Asturias**” e o “**Premio Cervantes**”. **Falece en Madrid o 6 de febreiro de 1991**.

Na súa vida **foi testemuña dos acontecementos máis importantes do século XX**: **Primeira Guerra Mundial**, o **Período de Entreguerras** coa expansión das ideoloxías **autoritarias** e os **movementos obreiros**, a **Segunda Guerra Mundial**, a **Guerra Fría**, e nos seus últimos días, a **Guerra do Golfo Pérsico**. Así que **para ela a historia do século XX é unha historia de sacrificios para as persoas convertidas en vítimas das diferentes ideoloxías**.

Pero Zambrano **sempre mantivo a esperanza e o desexo de construír unha sociedade mais xusta e democrática** tamén para os acontecementos vividos en España: a época da restauración, a ditadura de Primo de Rivera, a ditadura de Berenguer, a república, a guerra civil, a ditadura de Franco, a democracia e a entrada de España na Unión Europea.

Destes **acontecementos os que mais marcaran a súa vida foron**: a proclamación da **II República e a Guerra Civil**. No momento da proclamación da república estaba iniciando a súa **tese doutoral sobre Espinoza** e fora nomeada profesora auxiliar da Universidade Central de Madrid. Zambrano **defendeu de forma clara as ideas republicanas** e posicionouse claramente na guerra civil, **isto aumentou a distancia con Ortega y Gasset** que sostén unha posición máis ambigua e tras o estalido do conflito nunca volverán a comunicarse.

II.- OBRAS

- *Horizonte do liberalismo* (1930).
- *Cara un saber del alma* (1934/1950).
- **Filosofía e poesía (1939). México**
- *O pensamento vivo de Séneca* (1941).
- *A confesión, xénero literario e método* (1943).
- *Delirio e destino* (escrito en 1953 e publicado en 1989).
- *O home e o divino* (1º edición, 1955. 2º, aumentada, 1973).
- *Persoa e Democracia: Unha historia sacrificial* (1958). Roma
- *España, soño e verdade* (1965).
- *Os soños e o tempo* (reeditada en 1998).
- *O soño creador* (1965).
- *A tumba de Antígona* (1967).
- *Claros do bosque* (1977).
- *Os benaventurados* (1979).
- *Da aurora* (1986).
- *O repouso da luz* (1986).
- *Para unha historia da piedade* (1989).
- *Unamuno* (escrito en 1940 e publicado en 2003).
- *Cartas de la Pièce. Correspondencia con Agustín Andreu* (escrito nos 70 e publicado en 2002).

III.- INFLUENCIAS NO SEU PENSAMENTO

A razón vital do seu mestre **Ortega**, pero tamén a idea sobre a alma e o “**amor**” en **Platón e no pitagorismo**, o pensamento místico de **San Juan de la Cruz, Miguel de Molinos** a tradición sufi (**sufismo: tradición mística do islam**), a visión do tempo de **Bergson**, Max Scheler (o amor: ordo amoris), a ética de **Spinoza**, a psicanálise de **Freud**, e sobre todo a interpretación dos sonos e da vida en **Jung**, o estoicismo de **Séneca**, o vitalismo e a linguaxe simbólica de **Nietzsche**, o sentimento trágico da vida de **Unamuno**, a poesía de **Antonio Machado** e a narrativa de **Cervantes e Galdós**.

IV.- COMO CHEGOU Á SÚA FILOSOFÍA: A RAZÓN POÉTICA.

A) O seu punto de partida é a razón vital do seu mestre Ortega quen buscaba unha reforma da razón e o coñecemento dende a vida como realidade radical (racio-vitalismo de Ortega). Na obra ***Meditacións do Quixote de 1914*** Ortega afirma que a razón non pode comprenderse como algo independente da vida, é dicir, a razón non é independente das “circunstancias” vitais; nesta obra aparece xa a súa famosa frase “**Eu son eu e a miña circunstancia**”. As circunstancias son o espacio cultural e histórico no que vivimos, pero Ortega recalca que tamén debemos “salvar” a circunstancia, isto é, traballar para mellorar as circunstancias nas que vivimos.

Ao unificar razón e vida **Ortega fusionaba dúas tradicións: a ilustrada e a romántica**. A tradición ilustrada que defende unha razón universal baseada no individuo facendo xirar o obxecto ao redor do suxeito, e a tradición romántica que defendía as paixóns, instintos ou natureza do ser humano e as peculiaridades da historia de cada pobo. **Ortega defende o valor da razón pero opónse ao racionalismo extremo da tradición.**

O perigo do racionalismo atópase na razón “utópica” que establece as súas ideas como se fosen universais abstractas e atemporais, como se non existise a historia,

nen os pobos, nin as peculiaridades de cada vida. Así pois **Ortega na obra *O tema do noso tempo* defende unha razón unida ás circunstancias históricas, á vida e á perspectiva de cada persoa.**

B) María Zambrano: nunha carta a Rafael Dieste, describe a súa razón poética afirmando que **non se trata de entender a razón ao modo de Ortega como unha “reforma da razón”, senón que para “salvarnos” debemos ter unha concepción máis “ancha” da razón, a razón “poética” que non é coma a de Ortega, senón que terá moitas formas e será a mesma en xéneros diferentes.**

Por tanto, **comparte con Ortega a preocupación pola vida e polas circunstancias, rexeita o racionalismo tradicional da metafísica occidental centrada no suxeito, tamén a preocupación polos problemas de España e a vinculación entre razón e vida.**

- Pero na obra “*Cara un saber sobre el alma*” de 1934, Zambrano comeza a ruptura con Ortega. Para que a razón poda expresar de forma adecuada o que é a vida, precisa “ensancharse”, adoptar unha forma nova: **abandonar a forma conceptual da razón, e xogar cos sentimentos, coa linguaxe poética, a música e o concepto da alma.**

O seu **concepto da alma** retorna as orixes da filosofía e relixións coma os **ritos órficos, culto a dionisos, tradición dos oráculos** etc. Así a alma descubre o abismo que lle permite comprender un tipo de racionalidade orixinal: **as paixóns, o amor, a música ou a poesía.** Así achégase ao sentido da expresión do filósofo francés do século XVII Pascal “O corazón ten razóns que a propia razón descoñece”.

- Na obra “*Filosofía e poesía*”, escrita en México no outono de 1939, tras o final da guerra civil española, Zambrano **distingue o camiño da filosofía do da poesía.** A filosofía despegouse da realidade buscando unha unidade absoluta, un “sistema” absoluto coma o Hegeliano que comeza coa saída da caverna abandonando as sombras de Platón, mentres que pola súa banda a poesía mantense cara a cara ante a realidade do mundo sensible e recréase nos matices que as diversas sombras lle ofrecen. **A poesía busca a verdade** pero non como un absoluto que se impón sobre as diferencias, senón como algo que xurde a posteriori, despois de asumir as diferentes experiencias. De este modo, a **actitude poética non se manifesta como unha imposición, senón como unha receptividade (sensible) ou unha “escoita atenta” ante a realidade que se revela (Heidegger).**

O valor da poesía obsérvase, ademais, na súa capacidade para mostrarnos a **forza dos sentimentos** e, sobre todo, **do amor.** Na filosofía de Platón, como se ve no *Banquete* ou no *Fedón*, o amor desempeña un papel crucial moi similar ao que manifestaron os autores místicos. Nestes momentos nos que se mostra o valor do amor, a poesía e a filosofía deixan de presentarse como camiños separados. Pola contra, a filosofía moderna, que xurde con **Descartes, aumenta a separación coa poesía** e afástase desta vía mística e amorosa explorada por Platón.

Anque a filosofía de Descartes que culmina no idealismo absoluto de Hegel sitúase na razón eliminando as diferencias para centrarse nunha verdade absoluta, sen embargo **non toda a filosofía seguiu este camiño.** Segundo Zambrano hai filósofos nos que si pode haber algunha **integración entre filosofía e poesía, entre pensamento e sensibilidade: Platón, Aristóteles, Espinoza ou Leibniz.** Neles existen elementos

que integran filosofía e poesía que a propia autora tratou de acadar na súa propia obra.

Pero hai algo que a poesía non tomará da filosofía: **o método**. A **filosofía** segue un camiño ríxido (método dedutivo) para acadar a súa meta coa **linguaxe racional**; mentres que a **poesía utiliza distintos métodos**, pois a súa **linguaxe é irracional**.

«En lo que no estarán jamás de acuerdo sería en el método. La poesía es ametódica, porque lo quiere todo al mismo tiempo» (Zambrano, 2006: 99).

María Zambrano foi perfilando a súa “razón poética” nas obras “*Cara un saber sobre a alma*” e “*Filosofía e poesía*”. Esta razón poética manifesta a **correlación entre a filosofía e a poesía, entre o pensamento racional e as paixóns, entre o método e a intuición**.

V.- A SÚA ACTITUDE ÉTICO-POLÍTICA

A “razón poética” presenta tamén unha **dimensión práctica (ético-política)** que se reflicte nos escritos: “*Horizonte do liberalismo*”, “*Os intelectuais no drama de España*”, “*A agonía de Europa*” e, sobre todo, en “*Persoa e Democracia*”.

Centrándonos neste último escrito, María Zambrano rematou *Persoa e Democracia* en xullo de 1956 cando se atopaba en Roma; posteriormente o libro publicouse en Puerto Rico no ano 1958. Nesta obra **defende a necesidade da democracia** considerándoa como o espazo máis natural para o desenvolvemento da persoa. Anque esta obra non é un libro de política en sentido estrito, é un texto que **conecta coa súa visión sobre o ser humano e a razón poética**. A persoa só pode descubrir a súa interioridade ao mesmo tempo que o valor das outras persoas aplicando a razón poética. **O ser humano non é un individuo illado, senón que ten unha dimensión social** que debe despreñar. Por iso a tarefa do ser humano consistirá en **construír sociedades que non promovan o individualismo extremo ou o fanatismo violento e que fagan posible un mundo máis humanizado**.

Os **tráxicos episodios do século XX** (Primeira e Segunda Guerras Mundiais, Guerra civil española, Nazismo, Guerra fría) espallaron a idea de que se está **producindo unha crise en Occidente** (como relata o alemán **Oswald Spengler** na obra *A decadencia de Occidente 1918-22*); sen embargo **Zambrano en lugar de crise prefere falar dunha “orfandade”**: «No hay crisis, lo que hay más que nunca es orfandad» (Zambrano, 2022: 22). Non só se produciu a “morte de Deus” que anunciaba Nietzsche, senón que **o ser humano quedou “orfo” por perder todo o que daba significado á vida humana**.

A historia trágica guiada por ídolos absolutos que precisa o sacrificio constante de vítimas debe ser reemprazada por unha historia máis humana e máis ética. Esta visión da historia non pode sustentarse sobre individuos illados que contemplan como rivais aos demais e que ven a sociedade como un entramado antinatural (Sofistas), senón todo o contrario, **debe xurdir unha conciencia histórica baseada na idea de persoa**. **As persoas deben ser capaces de amar o mundo e aos outros humanos**. Así, a persoa descobre que orixinalmente **os outros non son rivais, senón seres cos que compartimos emocións, dor e vida**, descobre ao outro desde a soidade e así comprende o **valor do xénero humano e o sentido de comunidade (Aristóteles “zoom politikón”)**. Así Zambrano ten “**esperanza**” en que aínda é posible renacer, construír unha nova historia e crear **unha sociedade máis humanizada**.

A democracia que defende María non representa unha comunidade de individuos, senón de persoas: os individuos ven a sociedade como algo imposto, e as persoas, pola contra, entenden que existe un lazo natural e harmonioso entre os seres humanos. Esta democracia descansa nunha base mística e poética. A clave da democracia é a comprensión e o amor cara os demais, a vinculación do propio tempo co tempo dos demais, a harmonía das diferentes almas.

VI.- RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS DA RAZÓN POÉTICA

A razón poética representa a **idea clave que vertebra a traxectoria filosófica e vital de María Zambrano**. Pódese definir como unha **“ampliación da razón vital”** que permite comprender todos os aspectos da realidade empregando unha gran **variedade de camiños (métodos)**, tanto conceptuais coma simbólicos.

6.1.- En primeiro lugar, a razón poética constitúe unha **“ampliación ou ensanchamento da razón vital” de Ortega y Gasset**. Sitúase na **mesma liña da razón vital** (Nietzsche, Ortega) por dous motivos principais: **por realizar unha crítica da tradición racionalista e por conectar a razón coa vida e a circunstancia (historia)** que rodea ao suxeito. Zambrano, seguindo as pegadas dos defensores da razón vital, critica o racionalismo tradicional e non cre que a razón deba exercer un control sobre a realidade como se se tratara dun instrumento que soluciona problemas inmediatos. **A razón tradicional é unha razón analítica e instrumental maniféstase como “conciencia” que esquece aspectos fundamentais da vida humana: as intuicións, os sentimentos, o simbólico, o onírico.**

Zambrano admite que Ortega e outros autores revelaron unha verdade da súa época, a vinculación entre a razón e as circunstancias vitais ou históricas que rodean os individuos. **Non é posible pensar no baleiro; a razón non pode ter un carácter abstracto e atemporal, senón “histórico”**. Todo coñecemento se realiza desde unha “perspectiva” (**perspectivismo** como teoría do coñecemento: Nietzsche) e desenvólvese dentro dunhas circunstancias históricas que é necesario asumir. Ademais, a razón non só se vincula a súa circunstancia, senón que ten a obriga de salvala: engadir a súa pequena ou gran achega para que estas situacións melloren e permitan unha vida máis humana.

Pero, cre que hai que superar o “racio-vitalismo” de Ortega: non abonda con que a vida sexa a “realidade radical” e non a razón, senón que hai que ensanchar este racio-vitalismo ata chegar á razón poética propia da cultura española. E critica tamén a “escisión” entre “minorías selectas” e “masas desamparadas” defendida por Ortega.

6.2.- Substitúe o pensamento conceptual polo poético. Zambrano **amplía a razón vital de Ortega e convértea en razón poética**. Este desvío cara a razón poética é observable desde os inicios da súa traxectoria, pero tivo un momento decisivo coa aparición da obra *“Cara un saber sobre a alma”*. Desde entón marca un camiño no que o saber puramente conceptual é **completado por outras vías ou achegamentos á realidade**. O pensar conceptual que aínda caracterizaba ao seu mestre resúltalle insuficiente porque marca unha distancia clara entre suxeito e obxecto e establece unha orde lóxica pero carece dun movemento interno, da introspección necesaria que propón María.

A razón poética representa, por tanto, un intento de **ampliar os límites da razón analítica ou racionalista tradicional**, rexeitando a súa mirada reduccionista e a

simplificación que exerce de forma violenta sobre o conxunto da realidade. Trátase de evitar un pensar que sexa só conceptual e propiciar unha diversidade de camiños similares aos que emprega a poesía: formas simbólicas, imaxes, metáforas. **En obras como “Claros do bosque” ou “Os benaventurados” reflíctese esta fusión entre intelixencia e sensibilidade, entre filosofía e poesía.** A súa forma de escribir trata de expresar unha orde orixinal do mundo, unha orde que reflicte unha harmonía similar a da música, as matemáticas ou a poesía.

6.3.- O “amor” como expresión do seu pensamento ético-político: A observación da orde orixinal do mundo xera un “sentimento” de “amor”, un sentimento que brota ao contemplar os infinitos e minúsculos detalles da realidade e, ao mesmo tempo, a beleza completa do universo. **Ese amor transformárase tamén nunha comprensión profunda dos demais seres humanos, unha comprensión que nos permitirá ensanchar a alma, evitar o individualismo e fomentar unha convivencia máis harmoniosa entre as persoas.**

A razón poética, por tanto, parte dunha experiencia persoal envolta de misticismo, pero vai máis alo, establece **unha conexión coa ética-política e trata de acadar unha sociedade máis humanizada.** Estas reflexións sobre a sociedade ou sobre a política mostran a **conexión necesaria entre persoa e democracia.** A democracia convértese no modo de convivencia esencial e necesario para estas persoas, o espazo que pode propiciar o respecto entre os seres humanos.

6.4.- Sentido etimolóxico de poesía: do grego “póiesis” que significa produción, creatividade (división das ciencias en Aristóteles: teóricas, prácticas e produtivas (poiéticas). Ao falar da razón poética hai que recordar o seu sentido etimolóxico: **poiesis significa crear, fabricar.** Este modo de razón permite que brote a **capacidade creativa** que reside na alma que nos leva a configurar a nosa persoa desde os nosos abismos interiores e desde a nosa peculiaridade, pero **tamén nos impulsa a transformar o noso entorno.** A razón poética, xurdida das entrañas do ser humano para salvar a realidade que o rodea, adquire o seu pleno significado nestas reflexións sobre a democracia, a historia ou a sociedade. **Só desde unha aceptación e unha comprensión amorosa do mundo e das demais persoas, pensa María, será posible crear unha sociedade máis humanizada e máis xusta.**

SOBRE O TEXTO A COMENTAR:

Primeiro resumir as súas influencias e como pretende “ensanchar” o racio-vitalismo de Ortega e Gasset.

Ao entrar no texto dicir: O título **“Coñecemento poético”** é o último capítulo dunha conferencia pronunciada en Méjico titulada: **“Pensamento e poesía na vida española”,** que á súa vez pertence a unha serie toda ela co mesmo título.

A primeira frase do texto: *“Porque ao fin, todo converxe para que o coñecemento español, o realismo, o materialismo tan ao marxe da filosofía sistemática europea, sexa razón, coñecemento poético”* refírese a **dous conceptos** que explicou anteriormente e non aparecen no texto: **“realismo español”** e **“materialismo español”**.

a) **Realismo español** (capítulo 6 desta conferencia): Zambrano asegura que o “realismo español” é **distinto de calquera outro realismo** e en especial do europeo debido a dous feitos:

- A **falta absoluta de grandes sistemas filosóficos**, contrariamente aos demais países da cultura europea: sistema de Hegel: idealismo absoluto. *“España no produce sistemas*

filosóficos”. A excepción de José Ortega y Gasset que estudou cos neokantianos Cohen e Natorp en Alemaña adaptándoa a idiosincrasia española na obra “Meditacións do Quixote”
- O grande decaimento da vida española na chegada a Europa da Idade moderna.

Na orixe da filosofía occidental houbo dous conceptos clave: admiración (Aristóteles) e violencia (para someter o coñecemento a conceptos estáticos e mortos: dende Parménides a Hegel). Isto levou a concibir a filosofía europea como “sistema”. E **Zambrano cre que o realismo español apoiase na primeira raíz “admiración”, pero non na segunda “violencia”**. Así que o realismo peculiar dos españois estaría desprovisto desta segunda raíz, sería un “*Pensamiento desarraigado de la violencia y por lo tanto del querer, pensamiento no complicado con ningún querer ajeno, en la medida que esto sea posible, pensamiento no absoluto, no unitario; libre, disperso. Su forma no es el sistema*”.

Este suposto “defecto” español precisamente non sería un “defecto”, senón unha “riqueza”.

“Alejada la vida española de estas raíces, el realismo español será ante todo un estilo de ver la vida y en consecuencia de vivirla, una manera de estar plantado en la existencia”

Polo tanto, o “realismo español sería: “o predominio do espontáneo, do inmediato””, algo que procedería dos pobos ibéricos anteriores á colonización dos gregos. Sería unha forma directa de tratar coas cousas como fai un namorado (amor, eros, platónico) e non consiste en sistemas filosóficos, senón que estaría disperso na nosa literatura (O Quixote), na poesía e na mística española (Santa Teresa, San Juan de la Cruz: unión dos dous mundos) contraria á mística alemana idealista.

B) Materialismo español: Mentres o realismo español sería algo xenérico da nosa cultura, o materialismo viría a ser algo máis limitado: unha “metafísica cósmica”: unha condensación das implicacións do realismo.

“Es la consagración de la materia, su exaltación, su apoteosis; es un fanatismo de lo material, de lo táctil y de lo visual sobre todo, fanatismo que ha engendrado lo mejor de nuestra pintura: el mismo Greco”.

“Es un dogma afirmativo, existencialista, que postula, diríamos, la divinidad del mundo visible”

“la absoluta independencia de este materialismo fanático español con respecto a todos los materialismos europeos”

O materialismo europeo sería un “idealismo invertido” (Marx fronte a Hegel). En cambio o materialismo español tería un aspecto puramente poético polo significado que adquieren as cousas. As cousas son case protagonistas dos **nosos mellores libros: O Quixote**, onde os protagonistas son os camiños, as ventas, as árbores, prados, pelexos de viño e aceite os traballos, en resumo: as cousas e a natureza sen mestura de “panteísmo” coma no renacemento europeo.

C) Centrándose agora no texto:

Neste capítulo final da conferencia conflúen o “realismo e o materialismo típicamente españois” para comprender o “pensamento poético” español.

Nun extremo da cultura clásica está a filosofía “racional”: aquela que tamén criticou Nietzsche, que **comeza con Parménides, continúa con Sócrates, Platón e Aristóteles e chega ata Hegel**: aquela filosofía que **inventa un “mundo intelixible”** de “conceptos racionais” e se afasta do “mundo sensible” chegando a ser “sistema” coma o de Hegel.

No outro extremo da cultura clásica quedou a **poesía**: esta sería a **filosofía dos preparmenídeos e de Heráclito** o “escuro” como lle chamaban os seus contemporáneos por utilizar “**aforismos poéticos**” de difícil comprensión e que tanto influíu na filosofía vitalista de Nietzsche.

E entre estes dous extremos (filosofía e poesía) está o “coñecemento poético” da cultura española: o seu coñecemento poético irreductible ao poderosísimo racionalismo europeo. **Este coñecemento poético propio dos españois non “escinde a realidade” (dualismo ontolóxico de Platón) nin “escinde” o home (dualismo antropolóxico).** “**Nin se escinde a sociedade en minorías selectas e masas desamparadas**”, nesta frase pódese contemplar unha **crítica ao “elitismo” do seu mestre Ortega e Gasset**, anque polo xeral Zambrano aprecia a Ortega, pero **pretende “anchear” o “racio-vitalismo”**: non só unha mestura de “razón e vida”, senón un **puro pensar “poético” libre de todo dualismo e da razón**. Este coñecemento poético **endexamáis se afastou da realidade** e por iso **nunca estivo nunha soidade angustiada** (coma o existencialismo de Sartre, ou Heidegger), **os españois vivimos dende sempre inmersos no “realismo” e “materialismo” das cousas que nos arrodean**.

O pensamento poético é algo típico da nosa cultura, os españois **somos os que optamos pola “pobreza do entendemento”** (renunciamos aos sistemas de filosofía racional que non atrapan a realidade) e **“non nos empeñamos sobervientemente en chegar a posuír pola forza o que é inesgotable” (a realidade)**. Non forzamos a realidade a entrar nos conceptos estáticos da razón (como diría Nietzsche). Por iso para a razón poética, **a verdade nunca é unha verdade “conquistada”, verdade “raptada”, “violada”** como ocorreu coa filosofía da cultura europea dende Parménides ata Hegel. **Ao contrario: a verdade da razón poética é “revelación graciosa e gratuíta”**: estamos sempre ante o misterio da **realidade que se revela ante nós e que captamos mediante a poesía que se dilúe na nosa literatura, pintura, mística, forma de vida etc.**

Como conclusión engade Zambrano: “E en realidade, **o español só é quen de atopar o seu equilibrio así, só é quen de conservar a fluidez da súa vida pola poesía**”. É dicir, a vida é un **“todo flúe” como afirmara Heráclito**, e a razón non pode atrapar este fluír como xa afirmou Nietzsche. **E a vida é algo que flúe no tempo, é algo “histórico”** como apuntara Ortega e Heidegger. **“De facerse racionalista péchase, perde a súa fluidez e se dogmatiza, faise absolutista, en suma; reaccionario, inimigo da esperanza”** isto é o que ocorrería se a mentalidade española se fixese “racionalista”: péchase, perde a fluidez, dogmatízase, facémonos reaccionarios e **“inimigos da esperanza”**. Con esta última frase que trata da “esperanza” deixase entrever o **pensamento político de Zambrano**, quen despois de ter vivido os **acontecementos máis dolorosos do século XX** (Guerras Mundiais, Guerra Civil Española, Nazismo, Guerra Fría) e sendo **clara defensora da II República** fronte á postura “ambigua” de Ortega, **reivindica a “esperanza” dunha sociedade máis humanizada a través do “amor” e máis xusta.**

E remata o texto coa afirmación **“Polo coñecemento poético o home non se afasta nunca do universo e conservando intacta a súa intimidade, participa en todo, é membro do universo, da natureza e do humano e mesmo do que hai entre o humano e alén del”**. O coñecemento “poético” significa un estar sempre inmerso no mundo (realismo e materialismo): a poesía achéganos ao misterio do universo e conserva a súa intimidade. A poesía, e non os conceptos da razón filosófica clásica, é a única que capta a realidade, participa de todo, é membro do universo, da natureza e do humano. **Incluso nos achega ao que “hai entre o humano e alén del”, é dicir, sácanos da “orfandade” e achéganos ao divino.**

TEXTO SELECTIVIDADE

MARÍA ZAMBRANO ZAMBARANO (texto 1)

Pensamento e poesía na vida española.

Porque ao fin, todo converxe para que o coñecemento español, o realismo, o materialismo tan ao marxe da filosofía sistemática europea, sexa razón, **coñecemento poético**.

Nun extremo da cultura clásica está a filosofía, o metódico coñecemento **racional**, o esforzo da mente para adquirir a verdade **afastándose violentamente das cousas**, das aparencias que encobren o mundo. Este saber **chega a ser sistema**, sistema no que a totalidade do mundo anhela ser abarcada, na que a infinita multiplicidade das cousas pretende ser posuída.

No outro extremo da cultura clásica quedou a poesía. (...)

Entre os dous extremos levántase a cultura española, o seu coñecemento poético. (...).

O coñecemento poético de España (...) fica aí, polos séculos, **irreducible ao poderosísimo racionalismo europeo.** (...) Coñecemento poético no que **nin se escinde a realidade, nin se escinde o home, nin se escinde a sociedade en minorías selectas e masas desamparadas.** O coñecemento poético lógrase por un esforzo ao que lle sae ao paso unha **descoñecida presenza** e lle sae ao paso porque o afán que a busca xamais se atopou en soidade, **nesa soidade angustiada que padece quen ambiciosamente se afastou da realidade.** A ése dificilmente a realidade se lle volverá a entregar. **Mais a quen optou pola pobreza do entendemento, a quen renunciou a toda vaidade e non se empeñou soberbiamente en chegar a posuír pola forza o que é inesgotable, o que nos supera, a ése a realidade lle sae ao paso e a súa verdade non é xamais unha verdade conquistada, verdade raptada, violada; non é alezeia, senón revelación graciosa e gratuíta; razón poética.**

E en realidade, **o español só é quen de atopar o seu equilibrio así**, só é quen de conservar a fluidez da súa vida pola poesía, polo coñecemento poético das cousas e dos sucesos que o incorporan ao paso do tempo. **De facerse racionalista péchase, perde a súa fluidez e se dogmatiza, faise absolutista, en suma; reaccionario, inimigo da esperanza.**

(...) **Polo coñecemento poético o home non se afasta nunca do universo e conservando intacta a súa intimidade**, participa en todo, é membro do universo, da natureza e do humano e mesmo **do que hai entre o humano e alén del.**

ZAMBARANO, María: “Coñecemento poético”, capítulo final da conferencia “Pensamento e poesía na vida española”. Conferencia pronunciada en Méjico incluída nunha serie de conferencias titulada: “Pensamiento y poesía en la vida española”.